

# Aproximación á elaboración do *mínimo paremiolóxico* italiano<sup>1</sup>

M<sup>a</sup> Antonella Sardelli<sup>2</sup>

Universidad Complutense de Madrid

Este traballo é unha aproximación á elaboración do *mínimo paremiolóxico* italiano. Trala aclaración do concepto de mínimo paremiolóxico e a ilustración dalgunhas das achegas máis importantes sobre o tema, realizamos unha serie de consideracións que levarán á confección dun corpus de paremias de uso actual que é indispensable coñecer para o dominio do italiano. Para isto, baseámonos nos estudos realizados ó respecto polos membros do Grupo de Investigación UCM 930235 *Fraseoloxía y paremiología*, algún deles vinculados ó Proxecto de Investigación I+D *Ampliación del mínimo paremiológico: opciones metodológicas y su aplicación a la didáctica de lenguas* (2008-2011, FFI2008-02681/FILO, Ministerio de Ciencia e Innovación).

Palabras clave: paremioloxía, mínimo paremiolóxico, italiano.

*This paper consists of an approximation to the creation of an Italian paremiological minimum. After making an explanation of the concept of "paremiological minimum" and the illustration of some of the most important contributions to this subject, we will make some remarks that lead to the creation of a corpus with idioms whose knowledge is essential to manage Italian language. In order to do so, we have based on studies undertaken by the members of the UCM 930235 Research Group "Fraseología y paremiología", some of them linked to the Reserch Project R+D "Ampliación del mínimo paremiológico: opciones metodológicas y su aplicación a la didáctica de lenguas" (2008-2011, FFI2008-02681/FILO, Ministerio de Ciencia e Innovación).*

Keywords: Paremiology, paremiological minimum, Italian.

---

Data de recepción 18/05/2009 Data de aceptación 04/09/2009

<sup>1</sup> Este traballo inscríbese dentro do Proxecto de Investigación I+D *Ampliación del mínimo paremiológico: opciones metodológicas y su aplicación a la didáctica de lenguas* (2008-2011, FFI2008-02681/FILO, Ministerio de Ciencia e Innovación).

<sup>2</sup> Tradución de Emma M<sup>a</sup> Salgueiro Veiga.

## 1. Introducción

Durante séculos o refraneiro italiano foise transmitindo de xeración en xeración, non só a través de códigos e coleccións dedicadas á recompilación do importante acervo paremiolóxico italiano, senón tamén pola tradición oral. Nunha época remota, os refráns<sup>3</sup> constituían un caudal de cultura e de coñecementos imprescindibles para penetrar nas marabillas do universo e perpetua-las manifestacións da tradición popular a través dos séculos. Deste xeito, fóronse difundindo os refráns meteorolóxicos, por exemplo, froito da experiencia dos nosos devanceiros que nos deixaron o seu legado incrustado en pequenas pilulas de sabedoría. Un exemplo constitúeno os refráns, enunciados breves e sentenciosos nos que se integran varios tipos de recursos mnemotécnicos (rima, estrutura bímembre, figuras retóricas como a asonancia, o quiasmo, a anáfora etc.), o que facilitou a súa memorización e transmisión ó longo dos séculos ata chegar ós nosos días.

Na actualidade existen diferentes opinións respecto ó uso e á vixencia dos refráns. Por unha banda, algunhas persoas optan polo emprego sistemático destes enunciados, ó consideralos igualmente actuais e válidos. Por outra banda, dáse a postura contraria de quen se refire a eles como fósiles dunha cultura que non ten moito que compartir coa sociedade tecnolóxica na que vivimos<sup>4</sup>. Noutras palabras, trataríase de anacos dunha sabedoría popular que son pola súa propia natureza humildes e desprezables, herdanzas dun pasado sosegado e reflexivo que desentoan no frenesí da vida moderna.

Nós compartímo-la teoría de Julia Sevilla Muñoz e Mª Teresa Barbadillo de la Fuente (2004:195) que, nun estudo recente sobre o *valor didáctico do refrán* reflexionan acerca do uso actual destes enunciados sentenciosos:

*Si comparamos el conocimiento del refranero de generaciones anteriores con el de las jóvenes generaciones, no podemos negar que, en términos generales, se ha pasado de un empleo abundante a una muy considerable reducción en su uso. En el momento actual los refranes viven escondidos en la memoria de bastantes personas, entre las páginas de algunas obras literarias, en materiales lexicográficos, en estudios paremiológicos y en muestras conservadas del folclore, pero de vez en cuando se actualizan en mensajes publicitarios y en intervenciones periodísticas o brotan del habla de algunas personas.*

Podemos afirmar que, polo xeral, as persoas maiores, que son as nosas fontes paremiolóxicas máis valiosas, empregan cada vez menos refráns. Iso non quere dicir necesariamente que os refráns perderan a súa eficacia ou a súa veracidade; simplemente, na gran maioría dos casos, déixanse de usar porque xa non se consideran indispensables no novo contexto social no que vivimos. Antes, os nosos devanceiros podían predici-lo tempo con só mira-la lúa ou as estrelas e tiñan un refrán que encaixaba para cada situación. Agora xa non fai falla almacenar tanta información, xa

---

<sup>3</sup> Para a definición do refrán e das demais categorías paremiolóxicas, véxanse Sevilla Muñoz 1993; Sevilla e Cantera, 2008; Cantera, Sevilla e Sevilla 2005 e Sevilla 2008.

<sup>4</sup> Véxase ó respecto o estudo “Presente del refrán: olvido y pervivencia” contido no ensaio *Pocas palabras bastan. Vida e interculturalidad del refrán* (Sevilla e Cantera 2008: 243-285).

que chega con acende-la televisión e escoita-las previsións do tempo, sexan acertadas ou non.

Respecto á xente nova, case non emprega refráns e, se o fai, non é consciente do tipo de unidade que está empregando. Os que din refráns fano porque os teñen escoitado no seu contorno familiar e reproducenos, á súa vez, nas súas conversas diarias, consciente ou inconscientemente. O que si é certo é que, máis cá competencia paremiolóxica activa, que atende o uso espontáneo dos refráns ou das paremias en xeral, hoxe en día está máis desenvolvida a competencia paremiolóxica pasiva<sup>5</sup>. É dicir, que tódolos nativos italianos, ou polo menos a gran maioría, son capaces de recoñecer un enunciado sentencioso cando o escoitan ou cando o ven citado nalgún xornal ou nalgunha obra literaria. Non obstante, a porcentaxe de persoas que saben emprega-lo enunciado sentencioso correcto no momento máis oportuno redúcese sensiblemente.

Ante a progresiva perda de competencia paremiolóxica, consideramos de suma importancia recolle-las paremias actualmente en uso en cada lingua, no noso caso, en italiano. Neste traballo pretendemos delinea-los criterios que se deben seguir para a selección do denominado *mínimo paremiolóxico*<sup>6</sup>. A confección deste mínimo paremiolóxico podería ser moi útil non só para a recuperación e conservación destas manifestacións da sabedoría popular, senón que podería converterse nunha ferramenta de fundamental importancia para a tradución, a elaboración de repertorios paremiolóxicos monolingües, bilingües ou plurilingües ou mesmo para o ensino de enunciados sentenciosos nas clases de lingua.

## **2. Estado da cuestión das investigacións sobre o *mínimo paremiolóxico***

A formulación do concepto de *mínimo paremiolóxico* débese ó lingüista e folclorista ruso Grigoriï Permiakov (1919-1983), que, a finais do século XX, realizou un labor investigador pioneiro neste campo. O seu estudo levouno á creación dun corpus de expresións fixas, proverbios e frases proverbiais indispensables para o bo coñecemento da lingua rusa. Para facelo, Permiakov realizou unhas enquisas entre 300 estudantes moscovitas ós que lles ofreceu unha relación de unidades fraseolóxicas entre as que tiñan que sinala-las que recoñecían como falantes. A súa investigación culminou en 1985 coa publicación póstuma dun libro coas 300 paremias que aparecen con máis frecuencia na lingua rusa.

No ámbito universitario español, cabe menciona-las investigacións que desde hai algúns anos están desenvolvendo os membros do Grupo de Investigación UCM 930235 *Fraseoloxía y Paremiología* que están vinculados ó Proxecto de Investigación I+D *El mínimo paremiológico: opciones metodológicas y su aplicación a la didáctica de lenguas* (2005-2008, HUM2005-03899/FILO, Ministerio de Educación e Ciencia) e ó Proxecto de Investigación I+D *Ampliación del mínimo paremiológico: opciones*

---

<sup>5</sup> Para a definición de ámbolos conceptos e a súa aplicación á realidade lingüística (aínda que sexa española), véxase Sevilla e Díaz 1997.

<sup>6</sup> Para a definición do concepto de mínimo paremiolóxico véxanse Sevilla e Barbadillo 2005 e Tarnovska 2005b.

*metodológicas y su aplicación a la didáctica de lenguas* (2008-2011, FFI2008-02681/FILO, Ministerio de Ciencia e Innovación)<sup>7</sup>. A súa liña de traballo baséase na proposta do mínimo paremiolóxico español elaborada por unha hispanista ucraína, Olga Tarnovska, que en 2002 defendeu a súa tese titulada *Consideraciones acerca del mínimo paremiológico español* (Universidade de Granada). Para ela, o *mínimo paremiolóxico* comprende “el número de paremias que necesariamente entra en la competencia lingüística pasiva y activa del hablante nativo” (Tarnovska 2005b:199). Para a elaboración do seu corpus, Olga Tarnovska realizou unha investigación na que compaxinou a consulta de:

- repertorios paremiográficos en soporte papel como *El refranero clásico español* de F. Maldonado; o *Diccionario de refranes* de J. Campos e A. Barella; o *Diccionario de refranes* de L. Junceda; o *Refranero granadino de transmisión oral* de A. Romero López e R. Mariscal Muñoz;
- bancos de datos en liña, como o *Corpus diacrónico del español* (CORDE) e o *Corpus referencial del español actual* (CREA) da Real Academia Española (<http://www.rae.es>);
- motor de busca de google (<http://www.google.es>);
- informantes orais.

Deste xeito, logo de confeccionar unha primeira relación de refráns que ascendía a 10.000 entradas, plasmouse no corpus inicial mediante unha serie de enquisas realizadas entre case 200 estudantes granadinos e madrileños. As enquisas constaban esencialmente de dúas partes: un primeiro exercicio elaborado para medi-lo grao de competencia paremiolóxica activa, que consistía en pedirles ós estudantes que escribiran os refráns que lles viñan á mente nun tempo dado e un segundo exercicio no que os enquisados tiñan que limitarse a sinala-los refráns que coñecían de entre unha relación previamente elaborada. Este segundo exercicio servía para medi-lo grao de competencia pasiva, que resultou ser máis alto có grao de competencia activa. A cada enquisa seguíalle un cribado do listado confeccionado inicialmente ata a selección dunhas vinte paremias coñecidas pola gran maioría dos enquisados e que constituirían o “núcleo principal del mínimo paremiológico” (Tarnovska 2005b:200).

O seguinte paso foi compara-los resultados do seu traballo de campo con enquisas semellantes realizadas por outros investigadores: Shirley Arora e o seu grupo para o refraneiro hispánico de Los Ángeles; Julia Sevilla e Díaz Pérez para o refraneiro dos estudantes madrileños da mesma franxa de idades có da enquisa de Tarnovska; e, finalmente, Campo Martínez para o refraneiro de Madrid e Guadalajara con informantes de distintas idades. Este cotexo permitiulle observar que o seu corpus coincidía cos córpora confeccionados polos distintos investigadores mediante enquisas independentes e notou unha especial coincidencia de entradas e frecuencia de uso cos refráns propostos por Julia Sevilla e Díaz Pérez, probablemente por teren traballado

---

<sup>7</sup> Véxanse, ó respecto, Sevilla Muñoz 2005; Sevilla Muñoz e Barbadillo 2005; Sevilla Muñoz e García Yelo (en prensa); Sevilla Muñoz et alii 2005; Conde Tarrío 2008.

ámbolos dous grupos con informantes da mesma idade e da mesma condición social (estudantes novos).

O cotexo dos córpora confeccionados a través dos dous exercicios que integraban as enquisas de Olga Tarnovska permitiu destacar unhas 200 entradas comúns, o que indicaría que se trata de paremias presentes na competencia activa e pasiva dos informantes. Este dato foi sometido posteriormente a unha segunda criba mediante a consulta do CREA e do CORDE.

Se a consulta do CREA pode servir para documentar a frecuencia de uso dunha paremia dada no español actual e as variacións e modificacións que pode sufrir no seu emprego en textos escritos, a consulta do CORDE permitiu destacar outro dato importante:

*La mitad de las paremias seleccionadas en el mínimo paremiológico son unidades que han tenido circulación a lo largo del tiempo, mientras que las paremias excluidas por tener un índice de conocimiento pasivo inferior al 50%, sólo contienen un tercio de entradas “tradicionales”. Además, durante este experimento hemos observado que muchos refranes actuales han existido con formas diferentes en los siglos XVI-XVII, y han evolucionado tanto en su estructura como en su significado (Tarnovska 2005b:208).*

Nun traballo posterior, *Sobre los refranes de El Quijote*, Olga Tarnovska (2005a:288) compara os refráns contidos nesta obra clásica da literatura española cos que constitúen o corpus do *mínimo paremiolóxico* por ela confeccionado (Tarnovska 2002) e chega a unha conclusión sorprendente:

*Así que he podido constatar que entre las paremias populares que aparecen en El Quijote, por lo menos cincuenta y una figuran en mi tesis sobre la supervivencia del refrán español y la mayoría de ellas pertenecen al aproximado “mínimo paremiológico español”.*

No que se refire directamente ó Grupo de Investigación UCM 930235 *Fraseología y Paremiología*, os membros que actualmente se están dedicando á elaboración do mínimo paremiolóxico, cada un na súa lingua de traballo, coinciden na necesidade de aplicar uns criterios comúns á busca do corpus paremiolóxico de referencias. Estes criterios, ilustrados por Julia Sevilla Muñoz e María Teresa Barbadillo de la Fuente (2005) nunha das súas publicacións máis recentes, aluden especialmente ó perfil do enquisado, á natureza das fontes documentais escritas e á presentación das paremias que integrarían o corpus.

Polo xeral, pódese afirmar que a extensión do mínimo paremiolóxico pode variar en función do sistema lingüístico en cuestión e do tipo de informantes enquisados. Evidentemente, o número de paremias vixentes será maior en español ca en italiano por exemplo, xa que, desafortunadamente, en italiano empréganse cada vez menos enunciados sentenciosos. Así mesmo, en case tódalas linguas se poderá comprobar que a competencia paremiolóxica é máis ampla no caso de adultos e maiores e

considerablemente reducida no caso da xente nova, máis inclinada cara ó emprego de expresións e frases feitas.

O corpus que resulta da realización de enquisas entre un número bastante elevado de informantes de distintas idades e clases sociais debería ser cotexado con fontes documentais escritas, na súa maioría textos periodísticos e obras literarias contemporáneas; en resumidas contas, textos que reflectan a fala da comunidade lingüística actual (Sevilla Muñoz e Barbadillo 2005:7). A información resultante destas consultas debería acompañala paremia que, deste xeito, non aparecería como un enunciado nu, illado, senón que se complementaríase coa inclusión dos contextos de uso que achegarían toda unha serie de datos de índole semántica e pragmática fundamentais para a comprensión da unidade mesma e o seu sucesivo emprego na comunicación oral ou escrita. Así mesmo, á parte do significado e das indicacións de uso, por cada enunciado habería que incluí-los datos relativos

- ó tipo de paremia;
- á presenza de posibles variantes formais;
- ás relacións de sinonimia, antonimia e hiperonimia que poden existir entre as paremias recompiladas;
- á identificación de posibles modificacións formais das paremias, que poden aparecer truncadas ou manipuladas;
- á indicación das funcións que poden desempeñar no discurso (argumentativa, lúdica, humorística, caracterizadora etc.<sup>8</sup>) e
- ás fontes escritas e orais consultadas.

### **3. Criterios para a selección do *mínimo paremiolóxico italiano***

Respecto a calquera outra lingua romance, o italiano presenta unha dificultade engadida de cara á elaboración do mínimo paremiolóxico, dificultade que radica na vixencia dun número considerable de dialectos en Italia. É de sobra coñecida a peculiaridade da situación lingüística italiana, tema que abordamos noutro estudo (Sardelli 2007) ó que remitimos para máis detalles. Limitarémonos a dicir que, no que se refire ó acervo paremiolóxico italiano, a coexistencia dunha lingua estándar e moitas variedades rexionais implica ó mesmo tempo a existencia de paremias en lingua vernácula e paremias na lingua estándar que se poden considerar simples traducións das orixinais dialectais. O emprego dunha forma ou doutra depende, nalgúns casos, da idade e da clase social do falante. Un campesiño que pasou toda a súa vida na aldea seguirá empregando máis a miúdo o seu dialecto e terá moitas dificultades á hora de expresarse en italiano estándar. Por conseguinte, coñecerá e empregará moitas máis paremias na súa lingua vernácula e é lóxico pensar que ignore totalmente os seus equivalentes en italiano estándar.

---

<sup>8</sup> Véxase, para as funcións das paremias no discurso, Cantera, Sevilla e Sevilla 2005:30-36.

Por outra banda, tamén se debe ter en conta que as novas xeracións viven preto dos seus avós, que comparten con eles os seus coñecementos e a súa fala ou dialecto. Por iso, é cada vez máis frecuente oír-la xente nova expresarse en lingua vernácula para comunicarse entre eles e na súa vila ou aldea natal. Por este motivo, as poucas paremias que recoñecen e empregan serán dialectais. Polo xeral, este fenómeno prodúcese con moita menos frecuencia nas grandes cidades, onde a lingua vehicular, ben sexa no rexistro formal, ben no rexistro informal, é o italiano estándar.

Tendo en conta o dito, xorden varias cuestións: ¿Que clase de paremias habrá que incluír no mínimo paremiolóxico italiano? ¿Deberíamos limitarnos a unha selección de paremias en italiano estándar ou poderíamos baralla-la posibilidade de incluír variantes dialectais? Este mesmo problema formulouno Temistocle Franceschi cando decidiu elabora-lo seu *Atlante Paremiológico Italiano*. A través dun meticuloso traballo de campo realizado en varias rexións italianas ó longo de case vinte anos, Temistocle Franceschi e o seu grupo conseguiron reunir un gran número de variantes rexionais e locais, ademais das paremias en italiano estándar que publicaron no *Questionario* que viu a luz no ano 2000. Con todo, lamentablemente, as dificultades que presentan os dialectos desde o punto de vista fonético e, en consecuencia, da transcripción gráfica así como a ausencia dunha colección paremiolóxica de corte nacional fronte ás numerosas coleccións en lingua vernácula que recollen as paremias na fala peculiar dunha cidade ou rexión, fixeron que se optara pola tradución literal das variantes dialectais ó italiano académico. Así naceu.

Pola nosa parte, botamos en falta un repertorio que recolla as paremias actualmente en uso en Italia respectando ás distintas variedades dialectais. Non obstante, recoñecemos-lo carácter pretensioso dun proxecto deste tipo e o dispendio de enerxía e tempo que iso supoñería. Por iso, inclinámonos cara á elaboración dun mínimo paremiolóxico italiano que comprenda as paremias actualmente en uso na lingua estándar. Iso non quita que, na medida do posible, se poidan relaciona-las paremias en lingua vernácula que se nos vaian facilitando, aínda que sexa en anexo ou en nota a pé de páxina para dar constancia do seu emprego en determinadas realidades da Península. Evidentemente, trataríase de achegas illadas e limitadas á nosa área xeográfica. Aínda que un dos nosos obxectivos é estende-la enquisa paremiolóxica ó maior número posible de informantes, é impensable poder alcanza-la totalidade da poboación residente no territorio italiano.

Outro aspecto bastante polémico é a presenza, en italiano, de moitas paremias en latín. Evidentemente, trátase de enunciados cultos empregados por falantes de certa cultura e con estudos secundarios ou universitarios. O problema xorde á hora de decidir se cabe a posibilidade de incluír estas paremias no mínimo paremiolóxico, xa que só as emprega unha determinada franxa da poboación. Na nosa opinión, aínda que non poidan integra-lo núcleo do mínimo paremiolóxico italiano, deberían quedar reflectidas como unidades periféricas vixentes en certos ámbitos da sociedade italiana. Os avogados e os médicos empréganas con moita frecuencia debido ós seus coñecementos do latín, disciplina fundamental nos estudos de dereito e medicina. Os estudantes de letras e doutras disciplinas humanísticas almacenan este tipo de unidades e adoitan usalas en conversacións de rexistro formal e culto. En resumidas contas, as paremias en latín, aínda que non se poidan considerar unidades de alcance xeral, son enunciados

familiares para un italiano medio e deberíamos deixar constancia delas, aínda que sexa en anexo.

Agora ben, tralas premisas necesarias para aborda-los problemas adicionais que presenta a elaboración do mínimo paremiolóxico italiano, pasamos a indica-la metodoloxía que imos seguir para un achegamento científico á confección do noso corpus. Polo xeral, basearémonos nos criterios de busca formulados por Julia Sevilla Muñoz e María Teresa Barbadillo de la Fuente (2005) que presentamos anteriormente. Neste sentido, elaboramos unhas enquisas que integran os dous tipos de exercicios mencionados: para empezar, o enquisado terá que escribi-las paremias que recorde nun tempo máximo de dez minutos; outro exercicio consistiría en risca-las paremias descoñecidas de entre algunhas seleccionadas con anterioridade. No noso caso, partimos das correspondencias italianas das paremias españolas contidas no *Refranero multilingüe*, publicación colectiva dalgúns dos membros do xa mencionado Proxecto do mínimo paremiolóxico e a súa ampliación que se pode consultar na páxina web do *Instituto Cervantes* (<http://www.cvc.es/lengua/refranero>).

A estas tipoloxías de exercicios engadímoslles outra que consiste en completar unha serie de paremias de alcance xeral que se presentan truncadas na primeira ou na segunda parte. Logo de empregar este exercicio cun reducido grupo de informantes nativos, comprobámo-la súa utilidade, xa que serven para estimula-la memoria do falante que, na gran maioría dos casos, logra encontra-la terminación correcta de cada paremia. Así mesmo, esta formulación induce os informantes a recordar formas proverbiais afíns, variantes ou sinónimos que doutra maneira quedarían durmidos. De aí a súa utilidade, xunto ós demais tipos de enquisas relacionados.

As enquisas realizaranse en ámbitos moi distintos. O máis doado e inmediato é a consulta de familiares, amigos, coñecidos. Seguidamente, pasarase a traballar con grupos de estudantes de distintas franxas de idades, acudindo directamente a colexios, institutos e universidades. Para que haxa variedade entre os informantes enquisados, consultaranse tamén adultos e persoas maiores. Agora mesmo estamos na primeira fase do traballo de campo.

#### **4. Cara á confección do corpus paremiolóxico italiano**

Mentres analizámo-los resultados das primeiras enquisas e as imos estendendo ós distintos ámbitos mencionados, podemos ofrecer un primeiro listado de paremias que proceden de conversacións reais que a autora deste traballo mantivo cos seus familiares e amigos. Sempre que oñamos un refrán, iámolo apuntando nun caderno que nos acompañaba e nos segue acompañando en todo momento. Algunhas paremias proceden de conversacións telefónicas. Outras extraéronse de conversacións normais e correntes, como as que se adoitan iniciar nas reunións familiares ou nas citas cos amigos ou cos coñecidos. Sempre que lles sinalabamos ós nosos interlocutores o emprego inconsciente dunha paremia quedaban abraizados dos seus coñecementos e, ó mesmo tempo, orgullosos de ter contribuído, polo menos en parte, a que os enunciados sentenciosos sigan vivos.



Outra fonte de paremias actualmente en uso poden se-los medios de comunicación, como a televisión, a radio ou a prensa, sempre coas debidas excepcións. No noso corpus incluímos algúns enunciados que escoitamos persoalmente nalgún programa televisivo e que recoñecemos como vixentes. Pero non sempre é así. De feito, noutras ocasións temos oído enunciados que en realidade non lles resultan familiares a ningún dos informantes consultados ata a data. Velaquí algúns exemplos: *Cielo a fiocchi di neve, acqua poco lontana* (Rete 4, 20/05/2008); *Fare come i ladri di Pisa, che litigano di giorno e vanno a rubare di notte* (TV); *Quando il vento vien dal mare, stendi i panni ad asciugare* (Rete 4, 21/05/2008).

Así mesmo, empréganse con bastante frecuencia na televisión frases que reúnen tódalas características para ser incluídas no grupo dos enunciados sentenciosos, pero que presentan unha formulación que ata agora non vimos documentada en ningún repertorio paremiográfico e que os informantes que consultamos non recoñecen como tal: *Libertà di andare e fare nessuno la può pagare* (Rete 4 – 22/05/2008); *Nel momento del bisogno certi amici li vedi in sogno* (Rete 4 – 23/05/2008); *Impara a conoscerti: ti amerai meno* (Rete 4 – 05/06/2008); *Lascia fare, lascia dire ma non farti compatire* (TV, 19/05/2008); *Un testimone morto è un buon testimone* (TV); *Quando vedi la luna calare verso il mare, è ora di smettere di remare* (TV, 16/06/2008); *Se qualche nuvola appare, non vuol dire temporale* (TV). Faremos caso omiso desas unidades no noso corpus.

Grazas á colaboración dalgúns informantes, puidemos reunir unha relación inicial de paremias empregadas por eles nas conversacións diarias. Antes de proceder ó seu relato, achegámo-los datos dos devanditos informantes:

Teresa Moretti, Santo Spirito di Bari, 05/08/1946 [TM]  
 Donato Sardelli, San Vito dei Normanni (BR), 14/01/1941 [DS]  
 Raffaella Sardelli, Mesagne (BR), 15/08/1981 [RS]  
 Francesco Franchino, Taranto, 03/11/1978 [FF]  
 Cosimo Moretti, Santo Spirito di Bari, 01/11/1927 [CM]  
 Maria Concetta Sardelli, San Vito dei Normanni (BR), 17/09/1939 [CS]  
 Maria Antonella Sardelli, Padova, 31/10/1979 [MAS]  
 Alessandra Moretti, Cologno Monzese, [AM]

Presentamos a continuación un pequeno avance dos primeiros resultados do traballo de campo encamiñado cara á búsqueda das paremias que integrarían o mínimo paremiolóxico italiano, acompañadas dunhas abreviaturas que se refiren ós informantes que facilitaron as unidades:

<i>A buon interduttore, poche parole</i> [TM, MAS] <sup>9</sup>	<i>Il riso fa buon sangue</i> [MAS]
<i>A Carnevale ogni scherzo vale</i> [MAS]	<i>Il tempo lo dirà</i> [MAS]
<i>A caval donato non si guarda in bocca</i>	<i>Il troppo stropia</i> [MAS]

<sup>9</sup> Escoitamos tamén a paremia nunha viaxe en autocar de Bari a Matera, o 16 de xaneiro de 2007.

[MAS]	
<i>A criticare son tutti buoni</i> [MAS]	<i>Impara l'arte e mettila da parte</i> [MAS]
<i>A mali estremi, estremi rimedi</i> [MAS]	<i>L'abito non fa il monaco</i> [MAS]
<i>A ognuno il suo mestiere</i> [MAS]	<i>L'amico si conosce nel momento del bisogno</i> [MAS]
<i>Acqua cheta rovina i ponti</i> [MAS] <sup>10</sup>	<i>L'amore è cieco</i> [MAS]
<i>Acqua passata non macina più</i> [MAS] <sup>11</sup>	<i>L'amore non è bello se non è litigarello</i> [MAS]
<i>Aiutati che il Ciel t'aiuta</i> [MAS]	<i>L'apparenza inganna</i> [MAS]
<i>Al cuore non si comanda</i> [MAS]	<i>L'appetito vien mangiando</i> [MAS]
<i>Al peggio non c'è mai fine</i> [MAS]	<i>L'erba 'voglio' non cresce neanche nel giardino del re</i> [MAS, TM, RS]
<i>Ambasciator non porta pena</i> [MAS]	<i>L'erba del vicino è sempre più verde</i> [MAS]
<i>Anche la pulce ha la sua collera</i> [MAS]	<i>L'occasione fa l'uomo ladro</i> [MAS]
<i>Anche le pulci hanno le orecchie</i> [MAS] <sup>12</sup>	<i>L'uccello si conosce dal canto</i> [MAS]
<i>Anno bisesto, anno funesto</i> [MAS]	<i>L'unione fa la forza</i> [MAS]
<i>Anno nuovo, vita nuova</i> [MAS]	<i>L'uso fa la legge</i> [MAS]
<i>Aprile, ogni goccia un barile</i> [MAS]	<i>La bellezza è negli occhi di chi guarda</i> [MAS]
<i>Ascolta, vedi e taci se vuoi vivere in pace</i> [MAS]	<i>La botte dà il vino che ha</i> [MAS]
<i>Batti il ferro finché è caldo</i> [MAS] <sup>13</sup>	<i>Se non è zuppa è pan bagnato</i> [MAS, TM]
<i>Bisogna fare buon viso a cattivo gioco</i> [MAS]	<i>La classe non è acqua</i> [MAS]
<i>Bisogna fare il passo secondo la gamba</i> [MAS] <sup>14</sup>	<i>La costanza da sempre buoni frutti</i> [TM]

<sup>10</sup> Oimola tamén nas variantes *L'acqua cheta rovina i ponti* e *L'acqua cheta rompe i ponti* [TM].

<sup>11</sup> Desta paremia procede a locución *È acqua passata!* A paremia coma tal escoitámola tamén nun programa televisivo o 17 de xuño de 2008.

<sup>12</sup> Oimola tamén en diversos programas televisivos.

<sup>13</sup> Coñécese tamén na variante *Bisogna battere il ferro finché è caldo*.

<sup>14</sup> Tamén se emprega na forma negativa *Non bisogna fare il passo più lungo della gamba*.

<i>Bisogna sentire anche l'altra campana</i> [MAS] <sup>15</sup>	<i>La donna ne sa una più del diavolo</i> [MAS]
<i>Cadere dalla padella alla brace</i> [MAS]	<i>La fortuna aiuta gli audaci</i> [MAS]
<i>Campa cavallo che l'erba cresce</i> [MAS] <sup>16</sup>	<i>La fortuna è cieca</i> [MAS]
<i>Can che abbaia non morde</i> [MAS]	<i>La fortuna va afferrata per i capelli</i> [MAS]
<i>Cane non mangia cane</i> [MAS]	<i>La gatta frettolosa fa i gattini ciechi</i> [MAS]
<i>Canta che ti passa</i> [MAS]	<i>La lingua batte dove il dente duole</i> [MAS]
<i>Carta canta</i> [FF]	<i>La mela non cade lontano dall'albero</i> [MAS]
<i>Chi bella vuole apparire un poco deve soffrire</i> [MAS]	<i>La moglie del calzolaio va sempre con le scarpe rotte</i> [TM]
<i>Chi ben comincia è a metà dell'opera</i> [MAS]	<i>La morte e il sonno sono fratelli</i> [FF]
<i>Chi cerca, trova</i> [MAS]	<i>La necessità aguzza l'ingegno</i> [MAS]
<i>Chi dice donna, dice danno</i> [MAS]	<i>La ruota gira</i> [MAS, CS]
<i>Chi disprezza compra</i> [MAS] <sup>17</sup>	<i>La spesa non vale l'impresa</i> [MAS, DS]
<i>Chi domanda non fa sbaglio</i> [MAS, CS]	<i>La verità fa male</i> [MAS]
<i>Chi dorme non piglia pesci</i> [MAS]	<i>La vita non è tutta rosa e fiori</i> [MAS, TM]
<i>Chi è causa del suo mal pianga se stesso</i> [MAS]	<i>Le bugie hanno le gambe corte</i> [MAS, TM, RS, CS] <sup>18</sup>
<i>Chi fa da sé, fa per tre</i> [MAS]	<i>Le disgrazie non vengono mai sole</i> [MAS]
<i>Chi ha orecchie per intendere, intenda</i> [MAS]	<i>Lega l'asino dove vuole il padrone</i> [FF]
<i>Chi ha tempo, non aspetti tempo</i> [MAS]	<i>Lontano dagli occhi, lontano dal cuore</i> [MAS]
<i>Chi la dura la vince</i> [MAS]	<i>Mal comune mezzo gaudio</i> [MAS]
<i>Chi lascia la strada vecchia per la nuova</i>	<i>Mazze e panelle fanno i figli belli; mazze</i>

<sup>15</sup> Carlo Lapucci (2005) recolle a variante *Bisogna sentire le due campane* (C267).

<sup>16</sup> Emprégase tamén con moita frecuencia a forma truncada *Campa cavallo!*

<sup>17</sup> Úsase tamén a variante *Chi dispersa vuol comprare*.

<sup>18</sup> Tamén se di que *Le bugie fanno crescere il naso*.

<i>sa quel che lascia ma non sa quel che trova</i> [MAS] <sup>19</sup> .	<i>senza panne fanno i figli brutti</i> [TM] <sup>20</sup>
<i>Chi non mangia non fa cadere le briciole</i> [FF]	<i>Meglio pochi ma buoni</i> [MAS] <sup>21</sup>
<i>Chi non risica non rosica</i> [MAS]	<i>Meglio poco che niente</i> [MAS]
<i>Chi paga avanti è mal servito</i> [DS]	<i>Meglio soli che male accompagnati</i> [MAS] <sup>22</sup>
<i>Chi pecora si fa, il lupo se la mangia</i> [MAS]	<i>Meglio tardi che mai</i> [MAS]
<i>Chi piange di venerdì, piange per tre di</i> [MAS]	<i>Meglio un uovo oggi che la gallina domani</i> [MAS]
<i>Chi più ne ha, più ne metta</i> [MAS]	<i>Morto un papa, se ne fa un altro</i> [MAS]
<i>Chi rompe paga</i> [MAS] <sup>23</sup>	<i>Natale con i tuoi e Pasqua con chi vuoi</i> [MAS, TM, RS]
<i>Chi si accontenta, gode</i> [MAS]	<i>Nella botte piccola sta il vino buono</i> [MAS]
<i>Chi si fa i fatti suoi campa cent'anni</i> [MAS] <sup>24</sup>	<i>Nessuna nuova, buona nuova</i> [MAS, TM]
<i>Chi si loda, s'imbroda</i> [MAS]	<i>Non bisogna fare di un sassolino una montagna</i> [MAS] <sup>25</sup>
<i>Chi si somiglia si piglia</i> [MAS]	<i>Non bisogna fare i conti senza l'oste</i> [MAS, TM] <sup>26</sup>
<i>Chi si vanta da solo vale un fagiolo</i> [MAS]	<i>Non bisogna fasciarsi la testa prima di rompersela</i> [MAS]
<i>Chi tace acconsente</i> [MAS]	<i>Non bisogna mettere il carro davanti ai buoi</i> [MAS] <sup>27</sup>
<i>Chi troppo vuole nulla stringe</i> [MAS]	<i>Non bisogna mettere troppa carne sul fuoco</i> [MAS]

<sup>19</sup> Oímolo nun programa televisivo da cadea Rete 4, o 7 de xullo de 2008.

<sup>20</sup> Trátase da tradución dun refrán de Nápoles coñecido e empregado en case todo o sur de Italia.

<sup>21</sup> Tamén se di *Pochi ma buoni*.

<sup>22</sup> Emprégase tamén co actante en singular: *Meglio solo che male accompagnato*.

<sup>23</sup> A esta forma da paremia adóitaselle engadir “e i cocci sono suoi”.

<sup>24</sup> Emprégábaa moi a miúdo Cosimo Sardelli, tío da autora, falecido hai varios anos.

<sup>25</sup> Emprégase tamén na forma *Fare di un sassolino una montagna*.

<sup>26</sup> Tamén se di *Fare i conti senza l'oste*.

<sup>27</sup> Coñécese tamén a variante *Non mettere il carro davanti ai buoi*.

<i>Chi trova un amico trova un tesoro</i> [MAS]	<i>Non c'è due senza tre</i> [MAS]
<i>Chi va a Roma, perde la poltrona</i> [MAS].	<i>Non c'è fumo senza arrosto</i> [MAS]
<i>Chi va con lo zoppo impara a zoppicare</i> [MAS, TM, RS] <sup>28</sup>	<i>Non c'è rosa senza spine</i> [MAS]
<i>Chi va piano va sano e va lontano</i> [MAS]	<i>Non è bello quel che è bello, ma è bello quel che piace</i> [MAS]
<i>Chiodo schiaccia chiodo</i> [MAS]	<i>Non è tutto oro quel che luccica</i> [MAS, TM]
<i>Cielo a pecorelle, acqua a catinelle</i> [MAS]	<i>Non metter bocca dove non ti tocca</i> [MAS]
<i>Col tempo e con la paglia maturano le nespole</i> [TM]	<i>Non si può avere la botta piena e la moglie ubriaca</i> [MAS]
<i>Con troppe donne non fa mai giorno</i> [MAS, CM]	<i>Non svegliare il can che dorme</i> [MAS] <sup>29</sup>
<i>Conosci te stesso</i> [MAS]	<i>Non tutte le ciambelle riescono col buco</i> [MAS]
<i>Contento io, contenti tutti</i> [MAS]	<i>Non tutti i mali vengono per nuocere</i> [MAS]
<i>Conti chiari, amicizia lunga</i> [MAS]	<i>O la va, la spacca</i> [MAS]
<i>Cornuto e mazziato</i> [MAS, TS]	<i>Ogni promessa è debito</i> [MAS]
<i>Cose che succedono ai vivi</i> [MAS, TM, CS]	<i>Ogni scarafone è bello a mamma sua</i> [TM]
<i>Da che pulpito viene la predica!</i> [MAS]	<i>Ogni soldo risparmiato è un soldo guadagnato</i> [AM]
<i>Da cosa nasce cosa</i> [MAS]	<i>Ognuno porta la sua croce</i> [MAS, CS]
<i>Da un orecchio entra e dall'altro esce</i> [MAS]	<i>Ognuno tira l'acqua al proprio mulino</i> [MAS]
<i>Dagli il dito e si prende la mano</i> [MAS] <sup>30</sup>	<i>Paese che vai, usanza che trovi</i> [MAS]
<i>Date a Cesare quel che è di Cesare e a</i>	<i>Pancia mia fatti capanna!</i> [MAS]

<sup>28</sup> Raffaella Sardelli coñece outra forma da paremia: *Chi va con lo zoppo, .... va più veloce*. Evidentemente trátase dunha versión desautomatizada da paremia orixinal, que se modifica para obter un efecto cómico.

<sup>29</sup> Existe tamén a variante *Non stuzzicare il can che dorme* [TM].

<sup>30</sup> Actualmente contamos tamén coa variante *Dagli la mano e si prende tutto il braccio*.

<i>Dio quel che è di Dio</i> [MAS]	
<i>Del senno di poi son piene le fosse</i> [MAS, TM]	<i>Parenti serpenti</i> [MAS]
<i>Detto fatto</i> [MAS]	<i>Parli del diavolo e spuntano le corna</i> [MAS, TM] <sup>31</sup>
<i>Di venere e di marte, non si sposa e non si parte</i> [MAS]	<i>Quando il gatto non c'è i topi ballano</i> [MAS, DS, TM, RS]
<i>Dio li fa e poi li accoppia</i> [MAS]	<i>Quant'è piccolo il mondo!</i> [MAS]
<i>Dire pane al pane e vino al vino</i> [MAS] <sup>32</sup>	<i>Quel che ci vuole, ci vuole</i> [MAS]
<i>Domandando si va a Roma</i> [MAS, CS]	<i>Qui casca l'asino!</i> [MAS]
<i>Donna al volante, pericolo costante</i> [MAS, DS]	<i>Ride bene chi ride ultimo</i> [MAS]
<i>Donna baffuta sempre piaciuta</i> [MAS]	<i>Ridi, ridi, che la mamma ha fatto gli gnocchi</i> [MAS]
<i>Dove vai? Porto cipolle</i> [TM] <sup>33</sup>	<i>Sbagliando s'impara</i> [MAS]
<i>Fare il bello e il cattivo tempo</i> [MAS]	<i>Se il diavolo ti accarezza vuole l'anima</i> [MAS]
<i>Fidarsi è bene, non fidarsi è meglio</i> [MAS, FF, RS, DS]	<i>Se son rose fioriranno</i> [MAS]
<i>Fratelli coltelli</i> [MAS]	<i>Sposa bagnata, sposa fortunata</i> [MAS]
<i>Gallina che canta ha fatto l'uovo</i> [MAS]	<i>Tra i due litiganti il terzo gode</i> [MAS]
<i>Gallina vecchia fa buon brodo</i> [MAS]	<i>Tra il dire e il fare c'è di mezzo il mare</i> [MAS]
<i>Gatta ci cova!</i> [MAS]	<i>Tra moglie e marito non mettere il dito</i> [MAS]
<i>Gioco di mano, gioco di villano</i> [MAS] <sup>34</sup>	<i>Troppa grazia Sant'Antonio</i> [MAS] <sup>35</sup>
<i>Ha voluto la bicicletta? Ora pedala!</i> [MAS]	<i>Troppi cuochi guastano la minestra</i> [CM] <sup>36</sup>

<sup>31</sup> Emprégase tamén a variante *Si parla del diavolo e spuntano le corna* [MAS]

<sup>32</sup> Tamén se di simplemente *Pane al pane, vino al vino*.

<sup>33</sup> Recóllea tamén Carlo Lapucci (2005, C1643).

<sup>34</sup> Emprégase tamén en plural: *Giochi di mani, giochi di villani* [TM].

<sup>35</sup> Trátase da forma truncada do refrán dialogado: *Troppa grazia Sant'Antonio - disse quello che montava a cavallo!*

<sup>36</sup> Por extensión, adóitase dicir que *Troppe donne in cucina rovinano la minestra* [CM].

<i>I guai non mancano mai</i> [MAS]	<i>Tutte le strade portano a Roma</i> [MAS]
<i>I migliori se ne vanno</i> [MAS]	<i>Tutti nodi vengono al pettine</i> [MAS, TM] <sup>37</sup>
<i>I panni sporchi si lavano in casa</i> [MAS]	<i>Tutto è bene quel che finisce bene</i> [MAS]
<i>Il bue dice cornuto all'asino</i> [MAS]	<i>Tutto fa brodo</i> [MAS] <sup>38</sup>
<i>Il cane è il migliore amico dell'uomo</i> [MAS]	<i>Tutto fumo e niente arrosto</i> [MAS]
<i>Il fine giustifica i mezzi</i> [MAS] <sup>39</sup>	<i>Tutto il mondo è paese</i> [MAS]
<i>Il gioco non vale la candela</i> [MAS] <sup>40</sup>	<i>Una mano lava l'altra</i> [MAS] <sup>41</sup>
<i>Il lupo perde il pelo ma non il vizio</i> [MAS, TM]	<i>Una ne pensa e cento ne fa</i> [MAS]
<i>Il meglio è nemico del bene</i> [FF]	<i>Una parola è troppo e due sono poche</i> [MAS]
<i>Il miglior boccone è quello che rimane nel piatto</i> [FF]	<i>Una rondine non fa primavera</i> [MAS, TM, RS]
<i>Il mondo è bello perché è vario</i> [MAS]	<i>Volere è potere</i> [MAS]
<i>Il primo amore non si scorda mai</i> [MAS]	<i>Vuoi si dice ai malati</i> [MAS, TM]

## 5. Conclusións

Dunha primeira análise das paremias contidas neste corpus, podemos observar certa variedade no que se refire ás categorías paremiolóxicas. Se ben a gran maioría das paremias reunidas son refráns, aparecen tamén un número non desprezable de frases proverbiais (*I guai non mancano mai*; *Il gioco non vale la candela*; *Il fine giustifica i mezzi*; *Tutti nodi vengono al pettine*; *La verità fa male*; *Al peggio non c'è mai fine*).

Dentro dos refráns, distinguimos varias formas dialogadas (*Dove vai? Porto cipolle; Ha voluto la bicicletta? Ora pedala!*). Dalgunhas delas só se emprega na actualidade a primeira parte (***Troppa grazia Sant'Antonio*** - *disse quello che montava a cavallo!*; ***Tutto fa brodo*** - *disse quello che gli cascò un moscone nella pentola*). Ó grupo dos refráns pertencen tamén algúns enunciados de forma exclamativa (*Da che pulpito arriva la predica!*; *Pancia mia fatti capanna!*; *Quant'è piccolo il mondo!*; *Qui casca*

<sup>37</sup> Oímolo en máis dunha ocasión en programas televisivos.

<sup>38</sup> Trátase da forma truncada do refrán dialogado: *Tutto fa brodo - disse quello che gli cascò un moscone nella pentola* (Lapucci 2005, A934).

<sup>39</sup> Oímolo en máis dunha ocasión en programas televisivos.

<sup>40</sup> Máis usada a paremia sinónima *La spesa non vale l'impresa*.

<sup>41</sup> Coñécese tamén a variante *Una mano lava l'altra e tutte e due lavano la faccia*.

*l'asino!*; *Gatta ci cova!*), enunciados que quizais escaseen noutras linguas, pero que soen ser moi abundantes en italiano.

Cabe destaca-la presenza dun proverbio procedente da Biblia (*Date a Cesare quel che è di Cesare e a Dio quel che è di Dio*).

No referente ós temas tratados, sobresaen os refráns morais, enunciados que pretenden ensinar algo, que conteñen unha doutrina. Existe tamén un grupo bastante nutrido de paremias, na súa maioría frases proverbiais, que expresan orde ou mandato ou que simplemente indican o que se debe ou non se debe facer (*Bisogna sentire anche l'altra campana*; *Bisogna fare il passo econdo la gamba*; *Bisogna fare buon viso a cattivo gioco*; *Non bisogna fare di un sassolino una montagna*; *Non bisogna fare il passo più lungo della gamba*; *Non bisogna fare i conti senza l'oste*; *Non bisogna fasciarsi la testa prima di rompersela*; *Non bisogna mettere il carro davanti ai buoi*; *Non bisogna mettere troppa carne sul fuoco*; *Non bisogna fare il passo più lungo della gamba*).

Non faltan os refráns de corte misóxico, que despuntaban nos refraneiros clásicos e seguen marcando certa diferenza entre os sexos que oficialmente se considera superada e que entra no non politicamente correcto (*La donna ne sa una più del diavolo*; *Chi dice donna, dice danno*; *Donna al volante, pericolo costante*). Contamos tamén con algúns refráns supersticiosos (*Sposa bagnata, sposa fortunata*; *Di venere e di marte, non si sposa e non si parte*) e algúns refráns meteorolóxicos (*Cielo a pecorelle, acqua a catinelle*; *Aprile, ogni goccia un barile*; *Chi piange di venerdì, piange per tre di*). Estes dous últimos grupos constitúen un dos poucos refráns desa tipoloxía, é dicir, os supersticiosos e os meteorolóxicos, aínda vixentes en italiano.

Respecto ó aspecto formal das paremias estudadas, podemos observa-la repetición de determinadas estruturas como **meglio... che** (*Meglio pochi ma buoni*; *Meglio poco che niente*; *Meglio soli che male accompagnati*; *Meglio tardi che mai*; *Meglio un uovo oggi che la gallina domani*), **chi...** (*Chi ben comincia è a metà dell'opera*; *Chi cerca, trova*; *Chi dice donna, dice danno*; *Chi disprezza compra*; *Chi domanda non fa sbaglio*; *Chi dorme non piglia pesci*; *Chi è causa del suo mal pianga se stesso*; *Chi fa da sé, fa per tre*), **ogni...** (*Ogni promessa è debito*; *Ogni scarafone è bello a mamma sua*; *Ogni soldo risparmiato è un soldo guadagnato*), **ognuno...** (*Ognuno porta la sua croce*; *Ognuno tira l'acqua al proprio mulino*).

Se afondamos no estudo léxico e sintáctico das paremias agrupadas, é posible percibir algúns fenómenos que se repiten con certa frecuencia na enunciación dos *proverbi* italianos:

- apócope do substantivo ou do verbo, figura moi pouco empregada na lingua falada pero aínda presente nas paremias: *A caval Donato non si guarda in bocca*; *Aiutati che il Ciel t'aiuta*; *L'appetito vien mangiando*;
- anáfora de elementos que se repiten, ben sexa de forma simétrica, ó principio de cada membro da paremia, ben en posición quiásmica: *Lontano dagli occhi, lontano dal cuore*; *Contento io, contenti tutti*; *Quando ci vuole, ci vuole*; *Anno bisesto, anno funesto*;



- estrutura sintáctica de claro corte rexional no caso de paremias que teñen a súa orixe nas falas dialectais e pasaron a engrosa-lo patrimonio paremiolóxico italiano da lingua estándar:
  - *Chi sbaglia non fa errore* (está por “non commette errore”; procede do dialecto de San Vito dei Normanni, Brindisi).
  - *Mazze e panelle fanno i figli belli; mazze senza panne fanno i figli brutti*, onde “panelle” e “panne” son palabras de orixe napolitano que significan pan; o refrán reflicte o costume das nais de educa-los seus fillos alternando castigos e premios, do mesmo xeito que o campesiño adestra o cabalo ou a mula alternando o pau e a cenoria. Neste caso, consérvanse as palabras da fala rexional para non perderlo encanto do refrán.
  - *Ogni scarafone è bello a mamma sua*. No caso desta paremia faise aínda máis evidente a herdanza napolitana tanto na elección lexical (“scarafone” do napolitano “scarrafone”, en lugar de “scarafaggio”, cascuda) coma na construción da frase, xa que a expresión “bello a mamma” é tipicamente dialectal, do mesmo xeito que a posposición do adxectivo respecto ó substantivo que acompaña é un dos trazos distintivos da fala dialectal do sur de Italia.

O que acabamos de presentar son resultados parciais dunha investigación moito máis ampla que emprendemos hai uns anos e que aínda está en proceso. Neste lugar só quixemos ofrecer unha relación provisional susceptible de tódalas modificacións que se consideren oportunas ata a confección do corpus definitivo, que esperamos poder ofrecer nun futuro non moi afastado. Todas estas unidades son de uso actual pero pode que, finalmente, non entren a formar parte do núcleo do mínimo paremiolóxico por non seren unidades de alcance xeral. Convén precisar que o emprego das paremias varía en función da rexión e pode que algúns enunciados de uso moi frecuente no sur de Italia non se empreguen coa mesma frecuencia no resto da Península. Así mesmo, os comentarios a este breve corpus poden ser ampliados e mellorados en función da tipoloxía de enunciados que se vaian incorporando.

A elaboración do mínimo paremiolóxico italiano supón agora mesmo un reto para os que se aventuren neste campo. Trátase dun traballo inmenso, que implica un dispendio de tempo e enerxía notables. O seu valor está no método que se aplica para a recollida de material: a consulta de fontes orais, a través dun traballo de campo que leve a contactar con nativos de distintas idades e clases sociais. A dificultade práctica que implica o desenvolvemento dun proxecto destas dimensións veríase compensada polo sumo interese que espertaría a confección do devandito mínimo vistas as súas múltiples aplicacións en didáctica, tradución e lexicografía.

## 6. Referencias bibliográficas

- VV. AA. (2009): *Refranero multilingüe* [edición dixital en <http://www.cvc.cervantes.es/lengua/refranero>] [Data de consulta: 15/05/2009].
- CANTERA ORTIZ DE URBINA, J.; SEVILLA MUÑOZ, J.; SEVILLA MUÑOZ, M. (2005): *Refranes, otras paremias y fraseologismos en "Don Quijote de la Mancha"*. Burlington (Vermont): University of Vermont.
- CONDE TARRÍO, G. (2008): "El mínimo paremiolóxico del refranero gallego", en *Лінгвістычны та метадзіюні праблемы навучання мовы як іноземной. Полтава: ПДЕП ВМУРолІ, 367-377.*
- FRANCESCHI, T. (2000): *Atlante Paremiológico Italiano Questionario. Ventimila detti proverbiali raccolti in ogni regione d'Italia*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- LAPUCCI, C. (2005): *Dizionario dei proverbi italiani*. Firenze: Le Monnier.
- PERMIAKOV, G. L. (1985): *300 obshcheupotrebitel'nykh russkikh poslovits i pogovorok (dlia govoriashchikh na nemetskom iazyke)*. Moskva: Nauka.
- SARDELLI, M. A. (2007): "La paremiología italiana desde 1996 en adelante", en *Interlingüística* 17, 971-980
- SEVILLA MUÑOZ, J. (1993): "Las paremias españolas: clasificación, definición y correspondencia francesa", en *Paremia* 2, 15-20.
- (2005): "Presupuestos paremiológicos de una propuesta metodológica para la enseñanza de los refranes a través de *El Quijote*", en *Paremia* 14, 117-128.
- (2008): "Las categorías paremiológicas en el *Quijote*", en SEVILLA, J.; ZURDO, M.I.T.; CRIDA, C. (eds.): *Los refranes y el Quijote*. Atenas: Ta kalós keímena, 249-264.
- SEVILLA MUÑOZ, J.; BARBADILLO DE LA FUENTE, Mª. T. (2004): "Valor didáctico del refrán", en *Paremia* 13, 195-204.
- (2005): "El máximo y el mínimo paremiológicos y sus aplicaciones didácticas", en PAMIES, Antonio; LUQUE, Juan de Dios (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada: Método, 1-13.
- SEVILLA MUÑOZ, J.; BARBADILLO DE LA FUENTE, Mª. T.; PÉREZ MARTÍNEZ, H.; MERCADO MÉNDEZ, G.; SEVILLA MUÑOZ, M.; GARCÍA YELO, M. (2005): "Propuesta metodológica para la enseñanza de los refranes a través de *El Quijote*", en *Didáctica (Lengua y Literatura)* 17, 265-281.
- SEVILLA MUÑOZ, J.; DÍAZ, J. C. (1997): "La competencia paremiológica: los refranes", en *Proverbium* 14, 367-381.
- SEVILLA MUÑOZ, J.; GARCÍA YELO, M. (en prensa): "Las paremias en la competencia comunicativa del francés actual con vistas a la enseñanza de lenguas", XVII Congreso APFUE *Texte, genre, discours*. Salamanca, 7-9 de maio de 2008.
- SEVILLA, J.; CANTERA, J. (2008): *Pocas palabras bastan. Vida e interculturalidad del refrán*. Salamanca: Centro de Cultura Tradicional (Diputación de Salamanca). Editor: Ángel Carril.

- TARNOVSKA, O. (2002): “Correspondencias entre el mínimo paremiológico español y ruso”, en SABIO, J. A.; GUATELLI et alii (eds): *Traductología y lingüística aplicada: IV Jornadas hispano-rusas de traducción e interpretación*. Granada: Método, 263-271.
- (2005a): “Sobre los refranes de *El Quijote*”, en *Didáctica (Lengua y Literatura)* 17, 285-300.
- (2005b): “El mínimo paremiológico en la lengua española”, en PAMIES, Antonio; LUQUE, Juan de Dios (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada: Método, 197-217.

